# OS CLÁSICOS
# E A FANTASÍA



Baixo esta etiqueta non glosamos unha literatura de xénero. Calquera autor, de calquera época, pode ter botado man da fantasía nas súas novelas con fins diversos, sen que estas sexan susceptíbeis de seren clasificadas como literatura fantástica. Por iso non se trata dunha literatura con características específicas, sen sequera son claramente identificábeis ás veces.

# Algunhas derivacións



Sen chegaren a crear un subxénero, hai algúns camiños, de lindeiros difusos, que os autores veñen transitando e nos que, nalgún momento, topan co elemento fantástico:

- A fantasía como parábola para explicación dunha tese filosófica.
- A fantasía como espello alucinante e crítico dunha realidade invertida.
- A fantasía como metáfora de mundos interiores, abafantes e anguriados.

# As utopías



Tomás Moro, Campanella, Voltaire, Orwell ou Aldous Huxley son autores moi diferentes que coinciden no aproveitamento da fantasía. As peripecias, sociedades e personaxes que inventan son levados ao extremo até rozaren o fantástico se non son declaradamente irreais, Era o seu xeito de dicir non á intolerancia, ao egoísmo, ao control do individuo por parte dos estados, aos riscos da deshumanización que comportaría a tecnoloxía... Invencións e fantasías para evidenciar problemas ben obxectivables.

# Novelas suprarrealistas?




Por que non decidirse por vivir nas árbores e pasear de copa en copa cada noite? Nas alegorías e simbolismos da triloxía *I nostri antenati*, Italo Calvino bota man da fantasía para explicar o desengano fronte ao absurdo que se lle volve o mundo real.

# O realismo máxico




De Carpentier e García Márquez a Laura Esquivel e Isabel Allende, toda unha nómina de autores latinoamericanos que mesturan nas súas obras, en fermoso equilibrio, o marabilloso e o real.

# Alucinados e inadaptados en pugna co racional



Algúns como o personaxe de *El túnel* de Sábato, levan tan ao extremo a esixencia racional que mesmo destrozan a lóxica e a razón.

Outros seres marxinais como o protagonista de *O perfume* de Süskind, incapaz de amar e deitar cheiro pero extraordinariamente dotado para percibilos.

E, entre os tolos xeniais, o tolo máis literario de todos, o que toleou por vivir nun mundo de fantasía, o Alonso Quijano de Cervantes.

# O universo Kafka



Vidas grises, incongruentes como pesadelos que esmagan ao individuo co peso da súa realidade ineludíbel. Individuos que se metamorfosean en insectos, ocupando dese xeito o lugar que propiamente lles corresponde na escala zoolóxica, procesos xudiciais e burocracias alienantes que parecen imposíbeis percibidos como abafo e ameaza. Non senso, delirio, angustia.

# El Aleph

## Jorge L. Borges



### El inmortal

Pensé en un mundo sin memoria, sin tiempo; consideré la posibilidad de un lenguaje que ignorara los sustantivos, un lenguaje de verbos impersonales y de indeclinables epítetos. Así fueron muriendo los días y con los días los años, pero algo parecido a la felicidad ocurrió una mañana. Llovió, con lentitud poderosa.

# O vizconde demediado

## Italo Calvino



A besta del vizconde disparaba desde había tempo só ás andoriñas, pero non para matalas, senón para ferilas e deixalas tolleitas.

Pero agora empezaban a verse no ceo andoriñas coas patiñas vendadas e enxesadas ou coas ás pegadas con esparadrapo; había toda bandada de andoriñas recompostas que voaban con prudencia todas xuntas como convalecentes dun hospital paxareiro e, inverosimilmente, dicíase que o propio Medardo era o doutor.

# Escola de menciñeiros

## Álvaro Cunqueiro



Pardo era un grande xogador de lotería; pro xogaba sen xogar, que non mercaba billete nin parte. Apuntaba os números. A súa teses –e téñolla ouvido máis de dúas veces- consistía no que segue: todos temos, unha vez na vida, unha lúa de sorte, esa que os negros de campo en Cuba chamaban ¨la pomposa¨; pódese saber cando vén esa lúa.

# Como agua para chocolate

## Laura Esquivel




Mi abuela tenía una teoría muy interesante, decía que si bien todos nacemos con una caja de cerillas en nuestro interior, no las podemos encender solos, necesitamos oxígeno y la ayuda de una vela. Sólo que en este caso el oxígeno tiene que provenir, por ejemplo, del aliento de la persona amada; la vela puede ser cualquier tipo de alimento, música, caricia, palabra o sonido que haga disparar el detonador y así encender una de las cerillas. Por un momento, nos sentiremos deslumbrados por una intensa emoción.

# Misericordia

## Benito Pérez Galdós



Yo hago caso de los sueños, porque bien podría suceder, una comparanza, que los que andan por allá vinieran por aquí y nos trajeran el remedio de nuestros males. Debajo de la tierra hay otro mundo, y el toque está en saber cómo y cuándo podemos hablar con los vivientes soterrados. Ellos han de saber lo mal que estamos por acá y nosotros vemos lo bien que por allá lo pasan. (…) No se si me explico, digo que no hay justicia, y para que la “haiga” soñaremos todo lo que nos de la gana, y soñando, un suponer, traeremos acá la justicia”

# A metamorfose

## Franz Kafka



Cando Gregorio Samsa espertou aquela mañá a seguir dun soño axitado, atopouse convertido nun insecto monstruoso. Estaba deitado sobre a cuncha quitinosa das súas costas e ao erguer un pouco a cabeza viu a figura convexa do seu ventre escuro, sucado por curvadas durezas, cunha prominencia que apenas se podía soportar a colcha que estaba a piques de esvarar cara o chan. Innumerábeis patas lamentablemente...

# Cien años de soledad

## Gabriel García Márquez



El mundo era tan reciente, que muchas cosas carecían de nombre, y para mencionarlas había que señalarlas con el dedo. Todos los años, por el mes de marzo, una familia de gitanos desarrapados plantaba su carpa cerca de la aldea y con un grande alboroto de pitos y timbales daban a conocer los nuevos inventos. Primero llevaron el imán. Un gitano corpulento, de barba montaraz y manos de gorrión, que se presentó con el nombre de Melquíades, hizo una truculenta demostración pública de lo que él mismo llamaba la octava maravilla de los sabios alquimistas de Macedonia. Fue de casa en casa arrastrando dos lingotes metálicos, y todo el mundo se espantó al ver que los calderos, las pailas, las tenazas y los anafes se caían de su sitio, y las maderas crujían por la desesperación de los clavos y tornillos tratando de desenclavarse, y aun los objetos perdidos desde hacía mucho tiempo aparecían por donde más se les había buscado y se arrastraban en desbandada turbulenta detrás de los fierros mágicos de Melquíades.

# Falsa novela china

## Ramón Gómez de la Serna



-El mar está lleno de pañuelos de despedida– ha dicho ella cuando el mar está un poco picado.

-El mar es hoy bodega de botellas con misivas dentro– dijo el día oscuro en que la tormenta lo había sembrado de leños astillados.

El marinero de gorra japonesa sobre los ojos miraba con los catalejos interminables de los que sacan cien escalones para las distancias, pero no veía a su novia sentada como clueca sobre los pies chiquitillos.

El marinero de la gorra japonesa alargaba siempre más y más su catalejo, ensanchándole las articulaciones, yendo a tropezar con el horizonte frente a su último desarrollo.

# El perfume

## Patrick Süskind



Na época da que falamos reinaba nas cidades un cheiro fedento apenas imaxinábel para o home moderno. As rúas alcatreaban a ouriños, os ocos das escaleiras apestaba a madeira podre e excrementos de rata; as cociñas a col podre e graxa de carneiro; as estancias sen ventilación apestaban a poeira balorenta; as alcobas a sabas graxumentos, a edredóns húmidos ademais do penetrante olor adocicado das ouriñais. As chemineas fedían a xofre; as fábricas de curtidos, a lixivias cáusticas, os matadoiros a sangue callado. Homes e mulleres cheiraban a suor e a roupa suxa; nas súas bocas apestaban os seus dentes infectados, os alentos cheiraban a cebola, e os corpo se xa non eran novos a queixo acedo, leite agre e tumores malignos. Apestaban os ríos, apestaban as prazas, apestaban as igrexas e o cheirume respirábase por igual baixa das pontes ca nos palacios.